

ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN DOCENTE DO “PROGRAMA DE EMPREGO XUVENTUDE I”

SESIÓN DO 25/09/2024

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Luis Miguel Domínguez García

Vogal 2: M^a Belén Ordóñez Martínez

No Concello de Boiro, sendo as 10:10 horas do 25/09/2024, reúnense os membros do tribunal designado para a selección dun docente para o “Programa de Emprego Xuventude I”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 174 de data de 10/09/2024, na páxina web do concello www.boiro.gal, así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a valoración da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo segundo resolución de alcaldía de 09/09/2024.

1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, na que se realizaron, asemade, preguntas sobre os méritos acreditados e sobre aspectos prácticos das funcións que se deberán desenvolver.

Non se presentou á entrevista o candidato MARCOS PRADO ALVAREZ, polo que queda excluído do proceso selectivo.

O tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

Nº	Nome	ENTREVISTA
1	FERNANDO JESUS LOPEZ GONZALEZ	6,5
2	IVAN FIGUEIRA CASTAÑO	4
3	JOSE MANUEL VALIÑAS PATIÑO	4,5

2.- REALIZACIÓN DA BAREMACIÓN.

O tribunal por unanimidade acorda reunirse hoxe ás 12:30 horas para a realización da baremación de méritos.



E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 10:50 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

Luis Miguel Domínguez García

M^a Belén Ordóñez Martinez

